

abaixo e á esquerda
está o corazón

Altermundo

GALICIA HOXE | DOMINGO, 17 | ABRIL 2011

XEOLOCALIZACIÓN, VIDA PÚBLICA E COMUNICACIÓN POLÍTICA VIRTUAL

Cos teléfonos portátiles e as redes sociais estamos a deixar unha enorme fonte de información sobre as nosas vidas fóra do alcance das nosas decisións



ANTÓN GÓMEZ-REINO VARELA (TONE)
Activista social. Membro do Consello Editorial de Altermundo

A infoesfera mudou nos últimos anos nun territorio central na loita política. A ansia por producir unha comunicación telemática continuada que destile a proximidade do inmediato arrastrou a moitos actores da política representativa ás redes sociais.

En relación a isto, a expansión de dispositivos móbiles ou portátiles conectados difuminou o espazo entre personalidade virtual e cotidianidade.


Pero ás veces, este delgado fío entre o material e o virtual pode mudar nunha madeixa. Isto é o que lle pasou ao membro dos verdes alemáns, Malte Spitz.

E é que *Deutsche Telekom* filtrou os datos que durante un período de seis meses, desde o 31 de agosto de 2009 até o 28 de febreiro de 2010, rexistrou sobre os movementos de Spitz. Unha combinación de xeolocalizacións –máis de 35.000– que tras ser filtradas, levaron a Malte Spitz a denunciar ao xigante alemán da comunicación.

Máis aló da esfera pública, no

mación para propor e vender servizos –chamados servizos de LSB–: para indicarte os restaurantes que tes preto, para chamar automaticamente ao taxi libre máis próximo, para mandarte publicidade personalizada, etc. Ademais de propoñerte servizos adaptados segundo onde esteas, os operadores tamén comezaron a vender esta información a outros. Varios operadores e empresas de todo o mundo ofertan xa servizos para permitir aos pais localizar aos seus fillos ou aos seus empregados”. Pero ademais destes máis que cuestionábeis usos, é preciso reflexionar colectivamente sobre a incidencia destas “marketing strategy” no ámbito persoal. Faise necesario ser conscientes de que estamos diante de ferramentas de publicidade que, empregadas como propaganda acaban inseríndose no terreo do emocional.

Atopámonos diante dun espazo de contacto entre a estratexia comercial e o control social. A este respecto as ilustrativas palabras de Richard Stallman, fundador de GNU e un dos máis salientábeis referentes do movemento polo software libre abriron un espazo para a polémica: “Non teño nin xamais terei un smartphone. É o soño de Stalin. Os teléfonos son ferramentas de Gran Irmán e non levarei un dispositivo de rastrexo que rexistra onde vou todo o tempo nin



“NON TEÑO NIN XAMAIS TEREI UN SMARTPHONE. É O SOÑO DE STALIN. OS TELÉFONOS SON FERRAMENTAS DE GRAN IRMÁN E NON LEVAREI UN DISPOSITIVO DE RASTREXO QUE REXISTRA ONDE VOU TODO O TEMPO NIN UN DISPOSITIVO DE VIXILANCIA QUE SE POIDA ACTIVAR PARA ESCOITAR”

ámbito do uso particular, son moitos os elementos que nos deberían levar a coñecer de forma máis completa a tecnoloxía que levamos nos petos. Ás voltas coa xeolocalización, desde o espazo virtual *Quematumovil* –quematumovil.pemta.org– lémbrennos que “os operadores de telefonía empezaron estes últimos anos a utilizar esta infor-

un dispositivo de vixilancia que se poida activar para escoitar”.

Hogano os teléfonos portátiles móstranse como dispositivos de seguimento capaces de revelar demasiado sobre as nosas vidas. Aínda que somos relativamente conscientes do control social exercido por instancias estatais poida que esteamos deixando unha enorme fonte

de información sobre as nosas vidas fóra do alcance das nosas decisións. O cruzamento de datos entre localización e produción de información desde dispositivos celulares pode revelar polo miúdo onde e que estevemos facendo, compondo un descoñecido crebacabezas entre a esfera do íntimo e o público.

Pero máis aló da polémica sobre a privacidade, a web Boingboing –www.boingboing.net– recompilou o “track” de xeolocalizacións de *Deutsche Telekom* para polo en relación cos comentarios deste político alemán en Twitter, no seu blog ou noutras páxinas web. A reconstrución desta biografía a medio camiño entre o virtual e o real abre diversas reflexións sobre a produción de ideas, relacións e contidos que desde a política representativa trátase

de relatar. Até que punto, a comunicación política impregna os xestos virtuais daqueles que nos queren representar? Que hai de de verdade no relato de vida pública da clase política virtual?

Sen dúbida, a necesidade de producir contidos cotiáns está alterando a forma de actuar dos políticos profesionais. Pero sobre todo, pode estar modulando a percepción cidadá da mensaxe que, a través deste bombardeo constante de información, arrástranos do móbil ao televisor, da pantalla publicitaria do bus ou o metro ao computador. Somos realmente conscientes? É difícil saber se estamos criticamente armados perante a elaboración de mensaxes que tratan de convencer nos sutilmente. Que tratan de aparentar, profesionalmente, conscien-

cia do colectivo e sensibilidade polo particular.

Paul Virilio lembrábanos no século pasado como os tempos que se aveciñaban ían estar dominados pola “dromosfera”, ou o que é o mesmo, unha constricción do espazo-tempo da comunicación. O teórico cultural e urbanista francés afirmaba “desde o momento en que a sociedade se ve arrastrada cara á implementación dunha velocidade industrial, pásase, de xeito moi insensíbel, da xeopolítica á cronopolítica”. A cronopolítica, ou como entender a política como unha xestión dos tempos. É probábel que debamos de facerlles comprender a estes políticos xeolocalizados e hiperconectados que, como di Jose Luís Sanpedro, “O tempo non é ouro; o tempo é vida”. ●



ESTADO DE ALARMA

No seu novo libro –“Estado de alarma: socialismo de casino, esquerda anémica e sindicalismo claudicante” (*Catarata*, marzo de 2011)–, Carlos Taibo repasa algúns dos debates máis quentes de 2010, especialmente no eido dos plans de axustamento estrutural impostos polo FMI e a Unión Europea. Neste marco de regresión de dereitos abraiante, impón o renacemento de movementos contestatarios, preferentemente autoxestionarios, fronte ao aliñamento do Goberno cos poderes financeiros, a terríbel incapacidade da esquerda política e a “traizón” das organizacións sindicais maioritarias. Este texto, cedido polo autor, corresponde á xustificación introdutoria do libro



CARLOS TAIBO
Profesor de Ciencia Política da Universidade Autónoma de Madrid. Membro do Consello Editorial de *Altermundo*

Tiven a oportunidade de comprobalo moitas veces nos últimos tempos. Cando un se atopa con alguén ao que cre coñecer perfectamente, e ao que supón unha visión do mundo similar á súa, é farto común que descubra axiña que as discrepancias con respecto a feitos elementais son, así a todo, profundas. Aconteceume con certa frecuencia nas últimas semanas –vai un exemplo trivial– cando comprobei, primeiro con estupor e logo con progresiva adaptación aos feitos, como moitos dos meus interlocutores parecían entender que solicitar sinaturas para que CNN + non desaparecese era unha tarefa tan honrosa como urxente... Digo o mesmo de quen fixeron gala da súa solidariedade con Baltasar Garzón en franco e repentino esquecemento do que o xuíz foi ao longo de moitos anos, máis aló das súas intelixentísimas e ben orquestradas operacións de imaxe.

I

Se asumimos o traballo de debullar no que poida haber por detrás da circunstancia que agora invoco, o primeiro que se impón é unha obvidade: en moitos casos estaba un nun manifesto erro cando entendía que determinadas persoas, polas razóns que fosen, estaban ideoloxicamente moi próximas. Nada máis hai que dicir ao respecto diso. Interésame mergullar, con todo, nunha posibilidade ben diferente, que

percibir que o que queda fóra das súas consideracións é, con todo, particularmente importante.

Se teño que propor un exemplo disto último, un exemplo que nos sitúa na cerna das teses defendidas neste libroño, suxerirei que é moi habitual que as xentes aprecien, con respetabilísima razón, o bo sentido dunha proposta que expón a defensa cabal de

te. Se se trata de resumir rapidamente o sentido principal do impulso que inspira a maioría destes textos, bo será que me acolla a unha descrición –como se verá cargada de vontade crítica– do discurso que acabou por emerxer á calor de direccións políticas, burocracias sindicais e economistas aparentemente contestatarios. O acordo alcanzado, a finais de xaneiro de 2011, polo Goberno español e os dous sindicatos maioritarios deixou ben ás claras a condición de quen apostaron nos últimos tempos por unha patética e exclusiva defensa dos Estados do benestar. Nada é máis urxente que retratar a condición desa aposta e a precaria situación en que, por moito que queiran agachalo, quedaron os seus promotores.

II

Un primeiro trazo interesante da proposta que nos atrae é a convicción, obvia á luz do que se nos ofrece, de que ao capitalismo que padecemos convén darlle unha nova oportunidade. A idea de que o capitalismo é reformábel da man dunha sorte de volta atrás, que permita reconstruír a regulación perdida á calor das

defensas neoliberais, enche o discurso dos dirixentes da esquerda política, os burócratas sindicais e os economistas aparentemente críticos. Parece, con todo, que predicen no deserto, tendo en conta que quen cortan o bacallau do capitalismo realmente existente teñen proxectos diferentes. Aínda que seica hai quen, a estas alturas, aínda soña con crear unha nova e civilizada burguesía...

O contido preciso da oferta principal destas xentes é o que comezou a se chamar antineoliberalismo, unha fórmula un tanto abstrusa que responde a un propósito obvio: esquivar o termo, moito máis gráfico e consecuente, de anticapitalismo. Non é esta unha opción terminolóxica azarosa: a demanda expresa, que o enche todo, de reconstruír a regulación perdida reclama, si, unha inevitábel contestación do proxecto neoliberal, pero nada nos dá da conveniencia paralela de ampliála ao proxecto capitalista como un todo.

Así as cousas, a proposta que glosamos concétnase no reflotamento do noso maltreito Estado do benestar. Nunca se subliñará dabondo que este último é unha forma propia do capitalismo, manifesta unicamente, por riba, no Norte desenvolvido. Quen se agarran a semellante columna esquecen, polo demais, que non estamos na Suecia de 1960, e que a consideración cabal do escenario xeral planetario –económico, social e ecolóxico– obriga a ir máis aló. Non só iso: a proposta re-regularadora ignora que os fundamentos, aparentemente razoábeis, de moitas das súas concrecións esbórrallanse cando se toma nota de quen habrán de xestionala. Cales serán, por exemplo, as virtudes dunha banca pública dirixida, desde o Goberno, por socialistas ou populares? É razoábel que se nos explique que para manter a produtividade non hai que baixar os salarios, sen asumir antes un exercicio de cuestionamiento radical do propio concepto de produtividade? Para que nada falte, tras a posición, dramaticamente defensiva, que invita sen máis a cuestionar as medidas antisociais aplicadas polos nosos gobernan-tes aséntase sibilinamente unha patética aceptación da bondade

e presentabilidade do que había antes desas medidas.

No terreo político parece claro, máis aló da fanfarría retórica, cal foi a aposta que nos interesa, ben plasmada no que acariñaron, en particular, os dirixentes de Izquierda Unida (IU), obsesionados coa idea de atraer aos votantes socialistas desencantados. Como queira que a estas alturas é imposíbel apreciar no PSOE algo que cheire a un proxecto socialdemócrata, nada mellor que procurar o asalto do espazo que quedou baleiro. Trataríase, noutras palabras, de forxar unha maioría de esquerdas –todo o mundo sabe que se trataría dunha minoría, pero esquezamos agora esta cuestión trivial– que, segundo a palabrería ao uso, obriegue a reorientar o sentido xeral das políticas oficiais.

Nese proxecto, que debía contar inexorablemente co apoio das direccións de Comisiones Obreras (CCOO) e a Unión General



de Trabxadores (UGT), e que gozaba dun eco nada despreciable nalgúns medios de comunicación, estaban moi interesadas as cúpulas dirixentes de sempre, desexosas de buscar unha saída airosa para a súa delicada situación laboral. Só podía achegarse un dato indiscutíbel –tan indiscutíbel como miserábel– en proveito da racionalidade de tal aposta: a esquerda política era plenamente consciente da súa nula capacidade de mobilización.

Máis aló da súa liviandade de orixe, o fracaso da estratexia política mencionada débese ante todo, claro, á deserción final protagonizada polas cúpulas de CCOO e UGT. Sorprende a candorosa inxenuidade de quen confiaron, ao parecer a cegas, nestas últimas. E sorprende porque estaba cantado que é o que son eses dous sindicatos –dous aliados fundamentais do capitalismo realmente existente– e cales son as súas limitacións tendo

en conta da súa estreita dependencia do financiamento estatal. A negativa de Izquierda Unida a sumarse en tantos lugares ás mobilizacións contra o pensionazo convocadas o 27 de xaneiro de 2011 –asentada no seu rexeitamento de toda crítica formulada contra CCOO e UGT– é un retrato cabal das miserias que abraza a dirección dunha coalición que quedou co cu ao aire sen que, ao parecer, iso suscite nin dimisións nin autocríticas.

III

Agreguemos que no proxecto destas xentes a esquerda social –admito desde xa os equívocos que o termo arrastra– só interesa, no mellor dos casos, como un posíbel pero prescindíbel apoio externo. Nin se escoita o que di nin se vai con ela a ningunha parte. O goso dos movementos sociais alternativos, a totalidade do sindicalismo resistente e amplos segmentos da esquerda radical

viven extramuros do mundo que nos interesa analizar. A súa sintonía cognitiva e emocional coa esquerda política é, neste intre, e afortunadamente, nula. As que- renzas principais da esquerda alternativa –e entre elas a creación de espazos autónomos, o despre- gamento de formas de democracia autoxestionaria, a contesta- ción da orde de propiedade do capitalismo e o rexeitamento das lóxicas do crecemento e do consumo– non interesan nin ás cúpulas políticas, nin ás burocracias sindicais nin aos economistas antineoliberais, empeñados, sen máis, todos eles, en organi- zar o sistema de forma distinta sen puxar por saír del. A seduto- ra opción de todas estas persoas mantívoo lonxe, iso si, da repre- sión que padece boa parte da es- querdasocial.

Nun terreo moi próximo, para as diferentes burocracias obxecto da nosa reflexión, anco- radas pateticamente na defensa

desa brincadeira pesada que é o desenvolvemento sustentábel, a crise ecolóxica non existe. Nada o certifica mellor que o feito de que nin sequera se invoca retoricamente. O esquecemento do relevo inxente do que se nos vén enriba non só é pan para hoxe e fame para mañá: constitúe un fundamento maior de explicación de por que os nosos amigos seguen a concibir que todas as mudanzas deben rexistrarse dentro do capitalismo e das súas re- gras. Que excelso paradoxo é o

has das políticas que, en singular a partir da primavera de 2010, aplicou polo miúdo o Goberno español. O terceiro presta atención a unha das manifestacións desas políticas, singularmente interesante a efectos de calibrar o proxecto social e ambiental que se acha na súa trastenda: falamos da cuestión xeral da enerxía e da máis precisa da alta velocidade ferroviaria. No cuarto bloque débúllanse algunhas das manifes- tacións que o proxecto que glosa- mos unhas liñas máis arriba tivo

A SINTONÍA COGNITIVA E EMOCIONAL DOS MOVEMENTOS SOCIAIS ALTERNATIVOS E DO SINDICALISMO RESISTENTE COA ESQUERDA POLÍTICA É, NESTE INTRE, E AFORTUNADAMENTE, NULA

que nace do feito de que, hoxe, sexa precisamente a crise ecolóxica a que, sumada ás contesta- cións de sempre, obriga a pelexar con radicalidade por un proxecto que implique saír do capitalismo con urxencia.

Hai que deixar constancia de dous feitos finais. O primeiro subliña que o proxecto que procuramos mal retratar nin sequera pode invocar no seu proveito iso que fai anos se chamaba lexiti- mación pola eficacia: constitúe nestas horas, así a todo, un formí- dabel fracaso material, ben retratado nunha capacidade de mobilización que se achega á nada. O segundo sinala que, sor- prendentemente, a certificación do anterior non conduciu ao seu inmediato abandono.

IV

Non é difícil explicar que é o que o lector vai atopar nas páxinas que seguen. Como unha rápida ollada ao índice permite apal- par, os textos incluídos neste li- bro ordénanse en seis apartados. O primeiro interésase pola condi- ción xeral da crise –das crises– na que estamos inseridos e polas diferentes lecturas que aquela re- matou por suscitar. O segundo sopesa, desde perspectivas nada agarimosas, a natureza dalgun-

en dúas instancias: os sindicatos maioritarios e Izquierda Unida. Un quinto apartado rescata, con franca vocación pedagóxica, un texto sobre o decrecemento que pretende resumir o que, desde determinadas modulacións da ecoloxía radical, se nos di sobre moitos dos elementos da crise do presente. O sexto e último blo- que interésase, en suma, por al- gunhas das manifestacións con- temporáneas da cuestión da me- moria, na forma do que no dis- curso progresista é un evidente esquecemento: o que afecta ao movemento libertario. Obligado estou a subliñar que, aínda que o meu vencellamento con ese mo- vemento é evidente, non creo de ningún xeito que as teses defendidas neste libro interesen en exclusiva aos militantes das organi- zacións correspondentes.

Como poderá apreciarse, ao principio de cada un deses apar- tados inclúese unha breve expli- cación do seu contido, así como unha mención do intre e do lu- gar nos que foron publicados os textos recolleitos. No que a estes se refire, non introducín outro cambio que o que, a efectos de comprensión por parte do lector, afectaba a uns ou outros tempos verbais. Permitinme suprimir, iso si, algúns parágrafos que no seu caso recollían argumentos redundantes. ●



Título orixinal: *Estado de alarma. Socialismo de casino, izquierda anémica, sindicalismo claudicante* (ISBN: 978-84-8319-578-9)



O ano 2010 foi o do despregamento dun in- moral programa de axustamento por parte do Goberno español; ao seu amparo recortáron- se dereitos sociais e laborais coa vista posta en salvar a cara a quen, da man da especu- lación máis descarnada, colocaron o sistema financeiro ao bordo da quebra.

Á franca obediencia que o Goberno socialis- ta amosou para cos intereses desas xentes sú- mase a inandade da resposta que ao respecto articularon unha esquerda política incapaz de ir máis aló da defensa dos Estados do benestar e un sindicalismo claudican- te que xa hai moito que renunciou a calquera vocación de combate. Fronte a unha e outro impo- se un renacemento dos movementos de contestación. Desde a autonomía e a autoxestión, estes deben colocar en primeiro plano as esixencias que se derivan da necesidade, perentoria, de facer fronte, tamén, á crise ecolóxica. +INFO: www.catarata.org




DESDE O CONSELLO EDITORIAL

TEITO DO PETRÓLEO: COMEZO A CONTA ATRÁS

No número anterior do *Altermundo* citabamos a Wladimir Coelho [1] comentando unha previsión do banco HSBC de o Teito do petróleo se ir producir no ano 2050. Agora consideramos necesario facer algunhas aclaracións, en particular sobre a confusión habitual entre dúas datas: o momento en que se producir o Teito máximo de extracción anual –o chamado “peak oil”– e o do esgotamento do petróleo.

Esta confusión deriva, en ocasións, en graves erros de análise. O momento do Teito non supón o cese inmediato da produción de petróleo, senón a existencia dun límite na produción e un decrecemento no fluxo que chegue á maquinaria social e económica mundial, o que resulta incompatible co mantra do crecemento perpetuo do PIB. Ao final, si chegará o momento en que se deixe de extraer petróleo, porque será demasiado custoso de extraer, refinar, transportar, etc. Daquela aínda quedará petróleo no subsolo, mais fóra do alcance enerxético da humanidade, de modo que, en certa medida, o petróleo desaparece como posibilidade de uso para a nosa especie, aínda cando non se acabe fisicamente. Ese momento terá lugar, en boa lóxica, anos despois de terse alcanzado o Teito.

Algúns autores (David Murphy, p.ex.) teñen calculado que ao actual ritmo de deterioro da calidade enerxética do petróleo –rendementos enerxéticos cada vez menores por cada novo barril extraído–, ese período tras o Cénit podería ser de tan só 20 anos. Ademais hai que ter en conta que por debaixo de certo nivel de



rendemento enerxético, a civilización industrial –cuxo consumo enerxético é inevitablemente voraz– deixa de ser viable. É dicir, o último petróleo da Historia será extraído dentro de non demasiados anos por unha sociedade que, necesariamente, deberá estar máis agrarizada, e será destinado, probablemente, a consumos estratéxicos fóra do goce da maioría da sociedade. Cando acontecerá iso? Os cálculos do tempo de vida que lle queda á sociedade industrial estarían en función dese momento do “peak oil”. HSBC asegura que non chegará ata 2050 pero esta é unha das previsións máis optimistas que podemos escoitar hoxe en día. A propia Axencia Internacional de Enerxía datou en 2006 o ano do Cénit para o petróleo

convencional, o comisario europeo de enerxía reconeceu en novembro pasado que xa deixáramos atrás o Teito, e hai poucos días que o primeiro ministro francés François Fillon e o propio FMI reconeceron expresamente que o petróleo xa está a devalar. Así é que a conta atrás para a fin das sociedades avanzadas tal e como as coñecemos, parece ter comezado xa, e previsións como as de HSBC semellan corresponder máis aos desexos de continuidade financeira do “business as usual” que á realidade xeolóxica dos límites do planeta. ● **Xoán R. Doldán e Manuel Casal Lodeiro**, Consello Editorial de *Altermundo*, 14/04/11

[1] “HSBC: Petróleo dura até 2050”: pódese ler en: www.diarioliberalde.org



www.webislam.com

A prohibición do Burka occidental

Na tolerante e moderna Europa está sempre presente, desde o aumento da inmigración musulmá, o debate sobre o hiyab –veo islámico– e o burka. Hai que respectalos como símbolos relixiosos válidos e aceptados, como a cruz ao pescozo, ou hai que desacreditalos e até prohibilos por ser parte activa da opresión islámica sobre a muller? [...] Non sempre son eleccións persoais, claro: o burka adoita ser unha imposición masculina, ou autoimposición, e é máis difícil defendelo. O hiyab é algo diferente.



[...] A prohibición do hiyab, aínda que sexa só nos lugares públicos, como colexios ou centros políticos, é un acto etnocéntrico e desprezible. A única lectura é que Occidente sabe mellor que unha coitadiña e ignorante muller musulmá o que a esta lle convén. O mesmo Occidente que, na cima da hipocrísia, que é un dos seus principais trazos culturais, acepta e promove o seu propio burka: o canon estético. A vida de case cada muller occidental é unha loita constante por lucir ben, por estar atractiva de acordo aos modelos mandados desde a publicidade e a cultura de masas –e non só de masas– en xeral. É unha escravitude diaria e constante. Interiorizada e asumida. De verdade isto é mellor que o burka islámico? O burka islámico é imposto por uns preceptos relixiosos mal entendidos; o burka occidental está na base da súa propia cultura patriarcal-liberal. ● [“La prohibición del burka musulmán y la promoción del burka occidental”. 3/04/11]

OUTRASPALAVRAS

www.outraspalavras.net

Portugal: para saír da crise

[...] As medidas son as seguintes: 1. Realizar unha auditoria da débeda externa, que permita reducilas á súa proporción real: por exemplo, descontando todos os efectos de rating por contaxio de que fomos vítimas nos últimos meses. 2. Resolver as necesidades financeiras a curto prazo contraendo préstamos, sen as condicionalidades do FMI, xunto de países dispostos a crer na capacidade de recuperación do país, tales como China, Brasil e Angola. 3. Tomar a iniciativa de promover un diálogo Sur-Sur, despois ampliado a toda a Europa, no sentido de refundar o proxecto europeo, xa que o actual está morto. 5. Promover a creación dun mercado de integración rexional transcontinental, tendo como base a Comunidade de Países de Lingua Portuguesa (CPLP) e como guías Brasil, Angola e Portugal. 6. Usar como recurso estratéxico nesa integración a recualificación da nosa especialización industrial, en función do extraordinario adianto do país os últimos anos nos dominios da formación avanzada e da investigación científica. ● [“Alternativas para a crise portuguesa”. **Boaventura de Sousa Santos**, 8/04/11]



ICADI: www.igadi.org

PÚBLICO: blogs.publico.es/dominiopublico

ALAI: alainet.org

GALIZIA ECO...: galiziaecosocialista.blogspot.com



Perú: todos contra as mudanzas de Humala

[...] De triunfar finalmente o candidato nacionalista de esquerda, o Perú alterará a orientación conservadora do ciclo electoral latinoamericano iniciado en 2009, coas vitorias da dereita en Panamá, Colombia e Chile. A finais de 2011 están previstas eleccións presidenciais en Arxentina e Nicaragua, onde os actuais mandatarios de esquerda Cristina Fernández de Kirchner e Daniel Ortega buscan as súas respectivas reeleccións, con maior tensión e polarización no caso nicaraguano ante os pulsos constitucionais por permitir a posibilidade de reelección de Ortega. ● [“Perú: todos contra Humala”. **Roberto Mansilla**, 11/04/11]



Estado español: o de menor gasto social da UE-15

[...] Estes recortes de gasto público social estanse a facer a pesar de que a maioría da poboación está en contra. É unha decisión máis que mostra a enorme distancia entre os gobernantes e os gobernados. Os *establishments* políticos e mediáticos que dirixen o país están impondo medidas en contra do parecer da cidadanía. Por iso é polo que as poboacións, na súa indignación –que acontecerá se se lle prové de información que cuestione o dogma de que non hai outra alternativa–, deben manifestarse e axitarse socialmente para recuperar a democracia en España. ● [“Recuperar la democracia”. **Vicenç Navarro**, 7/04/11]



Nenos e nenas, entre os libros e a televisión

[...] o neno é considerado polo mercado como consumidor prioritario, sexa por non ter discernimento sobre o valor e a calidade dos produtos, sexa pola súa capacidade de convencer ao adulto para que lle adquira o obxecto desexado. [...] Hai no Congreso máis de 200 proxectos de lei propondo restricións e, até, prohibicións de propaganda dirixida ao público infantil. Pero ningún avanza, pois o lobby do Lobo malo insiste en que non aforre Carapuchiña vermella. Cando se fala de restricións ao uso de nenos en anuncios, axiña os afectados berran a un tempo: censura! ● [“Criança, entre livros e TV”. **Frei Betto**, 8/04/11]



Libia e a desnortada esquerda do Norte noso

[...] Antes da intervención da OTAN unha parte da esquerda estaba confusa e descolocada polos ventos de liberdade do sur e esperabao a primeira desculpa para desacreditar eses movementos. Confundiron revolucións con conspiracións. Cando as revolucións sexan reconducidas polo norte, en lugar de plantexarse criticamente a posición de non apoio dada, dirán aquilo tan cotiá nos ‘pseudocientíficos’ sociais de ‘xa o dicía eu’. [...] a esquerda terá perdido unha nova oportunidade para o cambio global e para o seu rearme político. ● [“Notas críticas sobre a esquerda en Libia I e II”. **Xoán Hermida**, 8/04/11]